

# BREAFING

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

- 1\_ O tempo efectivo de carreira será de 10 horas para todas as categorías.  
SAÍDA ás 9.00 horas e META ás 19.00h.
- 2\_ Esta hora de Meta é inamovible, NON se verá ampliada baixo ningún concepto xa que as neutralizacións non poden aumentar esta por normativa.
- 3\_ Os equipos que piquen META despois das 19.00 h. Perderán todos os puntos da última sección da que veñan.
- 4\_ En varios sectores do Raid, S2, S4, S5 e S6, están establecidas HORAS DE PECHE dos mesmos. Os sectores seguintes, S3 e S5, teñen pois unha HORA MÁXIMA DE INICIO, que é 1/2 HORA despois da anterior.
- 5\_ Superar a Hora de Peche de un sector únicamente supón a perda dos puntos picados despois de esa hora. Recordade que os controis de Meta de estes sectores teñen puntuación asignada!
- 6\_ Chegar 1/2 hora mais tarde da Hora de Peche, ou o que ven a ser o mesmo superar a Hora de Inicio do seguinte sector supón a PERDA de TODOS OS PUNTOS DE CONTROL DE ESE SECTOR e NON PODER SAÍR Ó SEGUINTE.
- 7\_ En este caso, e só en este caso, estará permitido saltarse a seguinte sección no vehículo da asistencia do equipo. Nos demais casos en que un equipo queira saltarse un sector deberá facelo ben en BTT ben correndo a pé, e sempre respectando as indicación de Carretera Prohibida xa que o equipo continúa en carreira.
- 8\_ Vaise controlar extrictamente o paso dos Equipos polos pasos obligatorios en Carreteras e Vías de Ferrocarril prohibidas. Seremos extrictos coa aplicación do regulamento en este aspecto. Recordade que o Tracktherace é válido este ano para controlar este aspecto.  
  
Por indicación expresa do Xuíz da proba en certos puntos de maior perigo haberá persoal da organización controlando os dorsais dos equipos. Para isto procederáse a parar ós equipos en carreira uns segundos, STOP, orde que teredes que acatar indiscutiblemente.
- 9\_ En 3 sectores do Raid, S1, S5 e S6 hai indicado en LIÑA VERDE CONTÍNUA un recorrido obligatorio para todos os equipos, que deberán respectar exculpulosamente por motivos de seguridade. No S6 non hai porque facer este percorrido se se decide descartar as balizas de esa parte do mapa. Nos outros dous casos ese percorrido hai que facelo sí ou sí!
- 10\_ Controlarás tamén especialmente, e serán polo tanto sancionadas, as situacións de Progresión en Solitario e/ou Equipo Separado.
- 11\_ Vai haber CONTROL de MATERIAL, así que moi atentos a levar todo o material obrigatorio enriba. O material indicado como individual deberá levalo encima cada corredor, non se permite que un corredor porte o material obrigatorio individual de outro corredor.
- 12\_ En categoría Orienta-Raid só se permite que haxa dous corredores en carreira.
- 13\_ Os equipos os que lles vai a facer a ASISTENCIA a ORGANIZACIÓN terán que operar sempre do seguinte xeito en cada transición:

A\_ Recollerán a súa caixa (e pás do kaiak no S4) en un punto concreto situado no acceso ós Boxes de cada Transición.


B\_ Levarán a súa caixa o seu Box para facer á Asistencia.

C\_ Antes de saír a seguinte sección deberán **deixar a caixa na Furgoneta** que presta o servizo levemente desprazada do punto A anterior. Olo, nunca debes deixar a Caixa no mesmo punto onde a recollestes!!

Nas transicións onde non haxa Boxes podeses facer a Asistencia no mesmo punto onde están as caixas, pero logo debes portalas a Furgoneta como se ven de indicar no punto C anterior.

14\_ Vai haber **2 DESCARGAS intermedias** das pinzas SI, **na T2 e na T4**, ambas situadas na **Praza do Concello de Salceda de Caselas**.

## 02\_ ESQUEMA DE DESENROLO.



Esquema dos Sectores, Probas Especiais e Transicións do BUDIÑORAIID 2016.

### 03\_ SAÍDA.

Aunque a Zona de Boxes inicial está situada na PRAZA DO CRISTO, a SAÍDA da Proba Será na PRAZA DO CONCELLO de O Porriño.

Será en BTT, polo que se colocarán os mapas boca a baixo, debaixo da roda dianteira de cada BTT 5 minutos antes da saída. Recordade que tedes 2 xogos de mapas por equipo!!

Non se poderá coller e ler o mapa ata xusto o momento da Saída da proba.

### 04\_ S1.

Sector Liñal en BTT, deben collerse as balizas en orde.

Dende a Praza do Concello e ata a Rotonda da Avda. Antonio Palacios e no inicio á dereita da Avda. Domingo Bueno, será o primeiro dos percorridos obrigatorios para todos os equipos do Raid, a LIÑA VERDE de **percorrido obrigatorio** indicada no punto 9 anterior.

A indicación de este percorrido obrigatorio é por seguridade vial, co cal debe ser respectada exculpulosamente por todos os equipos.

### 05\_ T1.

Transición sen Boxes.

A asistencia faráse nos coches que se deben estacionar unicamente na zona acoutada a tal efecto.

Recórdase a necesidade de respectar a subzona interior acoutada para os equipos cuxa asistencia lla vai a face a organización.

Estes equipos deben operar como se indica no punto 13 anterior, deixando as súas caixas na furgu da organización antes do comezo da S2.

As asistencias deben abandonar este punto nada mais os equipos comecen o sector 2!

### 05\_ S2.

Sector mixto que combina un primeiro Subsector 2.1 de Orientación específica a pé e un segundo Subsector 2.2 de BTT.

Non son dous sectores, co cal **NON está permitida a ASISTENCIA, e polo tanto tampouco o RELEVO de corredor nos equipos Aventura e Orienta-raïd entre estes dous subsectores!! Os corredores que saian a facer o Trekking son os mesmos que teñen que baixar en BTT a Salceda.**

Recordade que este sector ten unha **HORA DE PECHE** á súa chegada a Salceda!!

Subsector 2.1 de Ori – pé:

Subsector en SCORE, pódense picar as balizas na orde que se queira.

Inclúe a **PROBA ESPECIAL de RAPPEL**. Recordade que **só rapela un** compoñente do equipo e os outros baixan correndo por un percorrido balizado con cinta.

Os equipos que descarten facer o Rappel poden recuperar os 3 Puntos de esta proba especial facendo 3 balizas de penalización que deben picar de xeito LIÑAL.

O Rappel ten Hora de Incio ás 10.00 e Hora de Peche ás 12:30.

Subsector 2. de BTT:

Subsector LIÑAL, débense picar as balizas na orde establecida.

Existen varias “trialeiras” de Enduro BTT no sector algo rotas debido as últimas choivas. Pódese sacar vantaxe utilizándoas sempre que se teña boa destreza coa BTT, pero vaise perder tempo seguro se se baixan coa bici pola man.

Este sector ten unha estrada prohibida con un único **PASO OBRIGATORIO**.

Este sector ten unha **HORA DE PECHE** para todas as categorías:

**12:00 en Orienta Raid**

**13.00 en Élite e Aventura**

## 06\_ T2.

Transición con Boxes.

En esta procederáse á primeira descarga intermedia das pinzas SI.

Os equipos con asistencia feita pola organización deben operar como se indica no punto 13 anterior, deixando as súas caixas na furgó da organización antes do comezo da S2.

## 07\_ S3.

Trekking LIÑAL, débense picar as balizas na orde establecida.

Este sector ten unha **HORA MÁXIMA de acceso ó mesmo** para todas as categorías:

**12:30 en Orienta Raid**

**13.30 en Élite e Aventura**

Este sector ten unha estrada prohibida con un único **PASO OBRIGATORIO**.

08\_ T3.

Transición sen Boxes.

A asistencia faráse nos coches que se deben estacionar no entorno do Campo de Fútbol existente na zona.

Recórdase a necesidade de respectar a subzona interior acoutada para os equipos con asistencia lfeita pola organización.

Estes equipos deben operar como se indica no punto 13 anterior, deixando as súas caixas na furgu da organización antes do comezo da S4.

09\_ S4.

Sector mixto que combina un primeiro Subsector 4.1 de Kaiak e un segundo Subsector 4.2 de Trekking.

Non son dous sectores, co cal **NON está permitida a ASISTENCIA, e polo tanto tampouco o RELEVO de corredor nos equipos Aventura e Orienta-raid entre estes dous subsectores!! Os corredores que saian a facer oKaiak son os mesmos que teñen que facer o Trekking ata Salceda.**

Recordade que este sector ten unha **HORA DE PECHE** á súa chegada a Salceda!!

Subsector 4.1 de Kaiak:

Subsector LIÑAL, téñense que picar as balizas na orde establecida.

O Kaiak non se abrirá ata as 12:00.

Ollo no Río, hai 5 zonas de rápidos tras uns muretes de pedra que o atravesan, que están indicados con unha **liña vermella** atravesando o mesmo nos mapas de carreira.

Non son demasiado perigosos, pero nos mais complicados haberá voluntarios da organización que aconsellarán o **mellor trazado**. Estes son os seguintes:

1\_ Rápido 1. Aconséllase atravesalo pola parte dereita.

2\_ Rápido 2. Aconséllase atravesalo pola esquerda.

3\_ Rápido 3. Aconséllase atravesalo tanto pola dereita como pola esquerda, evitando o centro.

4\_ Rápido 4. Imposible atravesalo montado en Kaiak. Que ninguén se faga o valiente, hai que parar obrigatoriamente, baixarse sobre o muro de formigón que atravesa o río, baixar o KAIK polo centro, descender unhas pedras con forma de escaleira, montarse e continuar a marcha.

5\_ Rápido . Aconséllase atravesalo polo centro.

O final de este sector hai que portear o Kaiak ata o inicio da Ponte Romana.

Subsector 4.2. de Trekking:

Subsector LIÑAL, débense picar as balizas na orde establecida.

Este sector atravesa un viñado privado para o que temos permiso de paso pola pista que trascorre pegada ó río. O resto da finca está totalmente prohibida por seguridade (hai cans soltos).

Este sector ten unha Vía do Tren totalmente prohibida con dous **PASOS OBRIGATORIOS**.

Este sector está atravesado por 3 Estradas Prohibidas con **PASOS OBRIGATORIOS**.

Este sector ten unha **HORA DE PECHE** para todas as categorías:

16:45 en Orienta Raid

17.10 en Élite e Aventura

#### 10\_ T4.

Transición con Boxes.

En esta procederáse á segunda descarga intermedia das pinzas SI.

Os equipos con asistencia feita pola organización deben operar como se indica no punto 13 anterior, deixando as súas caixas na furgu da organización antes do comezo da S5.

#### 11\_ S5.

Sector LIÑAL, débense picar as balizas na orde establecida.

Este sector ten unha **HORA MÁXIMA de acceso ó mesmo** para todas as categorías:

17:15 en Orienta Raid

17.40 en Élite e Aventura

Este sector ten unha forte baixada perigosa contra o final do mesmo, co que se require que extremedes a vosa precaución, sobretudo tendo en conta que é dos últimos sectores do raid e se achega a Hora de Peche final de Meta!!

Este sector ten unha **HORA DE PECHE** para todas as categorías:

19:00 en Orienta Raid, que coincide coa súa META.

19.00 en Élite e Aventura

**Se un equipo chega ó final de este sector mais tarde de esta hora perderá todos os puntos do sector do que veñan!!**

No acceso ó Casco Urbano de Porriño establécese o **segundo dos percorridos obrigatorios para todos os equipos do Raid**, a **LIÑA VERDE de percorrido obrigatorio** indicada no punto 9 anterior. Este percorrido establécese por motivos de seguridade, co cal ten que ser respectado excruciosamente por todos os equipos. Trátase de desfacer o mesmo percorrido establecido na saída do Raid para pasar por meta de cara a T5.

**Está totalmente acceder á T5 pola parte traseira da mesma, dende a Avda de Galicia, pola súa peligrosidade.**

## 12\_ T5.

Transición con Boxes.

Os equipos con asistencia feita pola organización poden deixar os seus bultos nos Boxes ata o final de carreira xa que non será necesario o transporte dos mesmos a ningunha outra transición.

## 13\_ S6.

Sector de Orientación Urbana a Pé en SCORE, poderáse picar as balizas na orde desexada.

**Este sector ten unha HORA DE PECHE para as categorías que continúan en carreira:**

**19.00 en Élite e Aventura que coincide coa META do Budiño RAID 2016.**

**Se un equipo chega a Meta mais tarde de esta hora perderá todos os puntos do sector do que veñan!!**

Recórdase a necesidade de respectar as normas de circulación, se cabe mais importantes todavía en este sector.

Debido a coincidencia do final do raid con outra proba deportiva que se desenrola ese mesmo día no casco urbano de Porriño establécese unha ZONA PROHIBIDA na esquina Sur – Leste do Mapa. Polo tanto está totalmente prohibido circular polas rúas incluídas en esa zona.

Xusto no límite Oeste de esa Zona Prohibida, e limitando coa Vía do Tren que atravesa o Centro Urbano, establécese o **terceiro dos percorridos obrigatorios para os equipos do Raid**, sinalado coa **LIÑA VERDE** indicada no punto 9. Este percorrido establécese por motivos de seguridade, co cal ten que ser respectado excruciosamente por todos os equipos que desexen picar as balizas situadas ó Oeste da Vía do Tren xa que se trata do **acceso ó PASO OBRIGATORIO INFERIOR á citada vía**. No caso de que un equipo descarte visitar esas balizas situadas ó Oeste da vía, loxicamente, non ter porque facer ese percorrido obrigatorio!!

O outro Paso Obrigatorio á zona Oeste da Vila, separada do Centro pola mais que prohibida Vía do Tren, é o PASO A NIVEL do Porriño. Trátase de un Paso a Nivel controlado por BARREIRAS E SEMÁFORO, co cal se vos coincide chegar a este punto cos semáforos en vermello e coas barreiras baixándose, ou baixadas xa, QUEDA TOTALMENTE PROHIBIDO ATRAVESAR O PASO A NIVEL mentres estas non se ergan e o tránsito quede reestablecido coa apertura dos semáforos a verde.